

## DECRETO DA ALCALDÍA

### ASUNTO: Primavera Lúdica 2023

#### ANTECEDENTES:

O Primavera Lúdica é unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar dos veciños e veciñas de Ames durante o período non lectivo de Semana Santa, concretamente para o ano 2023, os días 3, 4, 5 e 10 de abril. As normas de organización e funcionamento de dito programa están reguladas no “Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames” publicado no BOP núm. 86, de 8 de maio de 2019 e no BOP núm. 243, de 26 de decembro de 2022.

O servizo está dirixido aos nenos e nenas de Ames que durante o prazo de inscrición estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria.

Segundo establece o artigo 12 de dito Regulamento, os lúdicos desenvólvese en Bertamiráns e no Milladoiro, nos locais habilitados polo Concello e que se farán públicos en cada convocatoria nas oficinas de O Milladoiro e Bertamiráns, e tamén na páxina web do Concello “[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)”.

Tendo en conta o número de horas de prestación de servizo que ten contratadas o Concello, é necesario establecer o número máximo de usuarios por centro e por nivel de infantil e primaria.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**1º.-** Iniciar o prazo de inscrición para o servizo de conciliación da vida laboral e familiar do Concello de Ames denominado “Primavera Lúdica 2023”

Dito prazo de inscrición estará aberto desde o 10/02/2023 ata o 24/02/2023, ámbolos dous días incluídos.

**2º.-** Informar que os días de desenvolvemento do programa e os centros habilitados para a súa realización son os seguintes:

**Días desenvolvemento do programa:** 3, 4, 5 e 10 de abril de 2023

#### Lugares habilitados:

##### Milladoiro

Escola de Educación Infantil de Milladoiro: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2022/2023 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil.

CEP de Ventín: para os/as alumnos/as matriculados/as durante o curso 2022/2023 nalgún dos niveis de educación primaria.

##### Bertamiráns

CEIP de Maía: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2022/2023 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil e educación primaria.

**3º.-** As prazas estimadas dispoñibles para este programa por centro e por grupos de idade é o seguinte:

EEI Milladoiro		30 prazas
CEP Ventín		30 prazas
CEIP A Maía	Infantil	30 prazas
	Primaria	30 prazas

A cobertura de prazas realizarase conforme ao estipulado no artigo 17 do Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames.

4º.- Facer públicos a organización e os horario de entrega e recollida da Primavera Lúdica 2023, que se incorpora como anexo I a este Decreto. Estes horarios poden sufrir modificacións en función das necesidades organizativas dos servizos.

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

## ANEXO I

### ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR “PRIMAVERA LÚDICA 2023” DO CONCELLO DE AMES E HORARIOS DE ENTREGA E RECOLLIDA

A organización dos/s nenos/as que participan no Primavera Lúdica 2023 realizarase en base a unha ratio de 1 monitor/a por cada 15 nenos/as, excepto no caso de nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo onde a ratio será 1/1.

O límite de prazas do Primavera Lúdica definirase por grupo e por centro.

Os grupos establécense en función das idades dos nenos/as, polo que ás prazas que haxa nese grupo só poden ser ofertadas aos nenos/as que estean dentro dese grupo de idade concreto e dentro dese centro concreto.

#### RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Non poderán participar no Primavera Lúdica 2023 o/a neno/a:
  - Se ten febre, diarrea, vómitos, piollos, enfermidades contaxiosas...
- Os nenos e nenas deberán traer unha mochila ou bolsa que permita meter todas as súas pertenzas, unha botella de auga e algo para merendar a media mañá.
- As zonas onde se fai o lavado de mans estará dotadas de xabón e toallas de papel. Levarase a cabo unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón e realizarase antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrado polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies
- Non está permitido traer xoguetes ou calquera outro obxecto de xogo da casa.

**HORARIOS ESPECÍFICOS DE CADA CENTRO** (estes horarios poden sufrir modificacións en función das necesidades organizativas dos servizos)

#### HORARIOS DA EEI MILLADOIRO:



Bos días: 7:30 - 9:00 Porta emerxencia comedor

Entrada: 9:00 – 9:30 Porta principal

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30 Porta principal

Saída con xantar: 15:00 – 16:00 Porta principal

#### **HORARIOS CEIP VENTÍN:**

Bos Días: 7:30 – 9:00 Porta do comedor

Entrada: 9:00 – 9: 30 Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)

Saída sen xantar: 14:00 – 14:30 Porta do pavillón

Saída con xantar: 15:00 – 16:00 Porta do pavillón

#### **HORARIOS CEIP MAÍA:**

Bos Días: 7:30 a 9:00 Porta principal do comedor

Entrada: 9:00 a 9:30

Infantil: porta principal do comedor

Primaria: porta lateral do comedor (fronte ao patio cuberto)

Saída sen xantar: 14:00 a 14:30

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampa)

Saída con xantar: 15:15 a 16:00

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampa)

HASH DO CERTIFICADO:  
0FD2C378C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1  
DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA

POSTO DE TRABALLO:  
Alcalde  
Secretaría

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2DDEBEC72EB38C494FA2

NOME:  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

